


- RESPONSABILIDADE CIVIL OBRIGATORIA CLUBS -

Estimados Clubs,

A Federación Galega de Judo recórdavos que o Decreto Lei 3/2012 de 2 de Abril, das entidades deportivas de Galicia, regula que todas as actividades deportivas organizadas polas entidades galegas están obrigadas a subscribir un seguro de responsabilidade civil que cubra o risco da actividade ou competición deportiva. Aos efectos desta disposición tamén se consideran terceiros os propios deportistas participantes e outros intervinientes.

A Federación Galega de Judo chegou a un acordo coa correduría de seguros  para dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil Xeral para os nosos Clubs cunhas coberturas e capital asegurado moi satisfactorias.

OBXECTO E ALCANCE DO SEGURO:

O club terá cobertura sobre as consecuencias monetarias da responsabilidade civil, por mor de reclamacións formuladas por danos materiais, danos persoais e prexuízos patrimoniais derivados destes danos, causados a terceiros durante a execución da actividade asegurada por parte do club.

DECRETOS:

Art. 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

Artigo 23. Seguro de responsabilidade civil.

A explotación de centros deportivos, a organización de competicións e eventos deportivos, así como a prestación de servizos deportivos estarán suxeitas á obrigatoria subscrición polo organizador ou prestador dos servizos dun contrato de seguro de responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionárselles a acódelas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas.

As coberturas mínimas das citadas pólizas determinaranse regulamentariamente en función das características das instalacións e das actividades.

Si desexan máis información respecto de estes servizos ou queren solicitar outros servizos que lles podamos ofrecer, non dubiden en contactar coa correduría  **ribésalat** :

SR. D. GERARD TORRES MORENO

gerard.torres@ribesalat.com

Tfno. 93 241 50 50.

Sen outro particular, un cordial saúdo.



Asdo. Mario M. Muzas Cobo.